



PRIMEIRA ADDENDA O CONVENIO CANALIZADOR DA SUBVENCIÓN DIRECTA EXCEPCIONAL OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á CONFEDERACIÓN EMPRESARIAL DA PROVINCIA DE LUGO (CEL), CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “GABINETE EMPRESA SÉCULO XXI” NA ANUALIDADE 2023. (APROBADO POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 01.12.2023)

[ADDENDA APROBADA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO 29 DE DECEMBRO DE 2023]

En Lugo, a data da sinatura dixital

INTERVEÑEN

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con CIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E doutra parte, don Jaime Luis López Vázquez, con DNI 33.329.670W, na súa condición de Secretario, actúa en nome e representación da entidade Confederación Empresarial da Provincia de Lugo (CEL), en adiante beneficiario, con NIF G27019793, e con sede social en Praza de Santo Domingo Nº6, 27001 - Lugo, con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica e de representación necesaria para obrigar nos termos da presente addenda, e a tal efecto.

Ambas partes:

MANIFESTAN

Primeiro.- Que o 12 de decembro de 2023 asinouse o Convenio de Colaboración entre a Deputación de Lugo e a Confederación Empresarial da Provincia de Lugo (CEL) para o financiar os gastos derivados da execución da actuación “Gabinete empresa século XXI” na anualidade 2023. Esta actuación consiste no financiamento da posta en marcha e funcionamento do Gabinete empresa século XXI con gastos de persoal, gastos correntes, gastos de organización dun foro para impulsar o desenvolvemento empresarial, estudo para a planificación loxística da provincia, prospección comercial no mercado de Colombia, análises e elaboración e publicación do estudo Lugo en Cifras 2023.

Segundo.- Ante o escrito presentado por don Jaime Luis López Vázquez con NIF ***29.67**, en calidade de Secretario Xeral da Confederación Empresarial da Provincia de Lugo (CEL) o 21 de decembro de 2023, con número de rexistro 2023RT019159, no cal expón que “non pode cumprir o prazo de execución dunha das actuacións previstas dentro do “Gabinete Empresa Século XXI”, o FORO para impulsar o desenvolvemento empresarial da provincia de Lugo, con especial atención a fomentar a industrialización do rural, debido a que a tardía firma do convenio e diferentes dificultades de axenda dos posibles participantes ao longo do ano impediron a súa organización ata o momento”.

Terceiro.- Que por acordo da Xunta de Goberno, data 29 de decembro de 2023, aprobase a modificación da cláusula Sétima (Xustificación e aboamento da subvención) do mencionado convenio.

Páxina 1 de 5

	IV7WSPQNEBJ53NOI6JAC6RYCCQ		Fecha y Hora	28/12/2023 13:52:48	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JULIA VÁZQUEZ SILVARREY				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSPQNEBJ53NOI6JAC6RYCCQ		Página	1/5	



Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, esta primeira addenda de modificación ao convenio con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula sétima que quedaría redactada no seguinte xeito:

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no artigo 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24ª de execución do Orzamento xeral vixente.

O prazo inicialmente previsto para que o beneficiario remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o 31 de marzo de 2024.

Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen aportarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2023, coa excepción dos gastos do “Foro para impulsar o desenvolvemento empresarial da provincia de Lugo” que se estenderán ata o 29.02.2024, excepto os custos salariais dos traballadores imputados ao Foro que se estenderán ata o 31.12.2023.

Cando o beneficiario da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

	IV7WSPQNEBJ53NOI6JAC6RYCCQ		Fecha y Hora	28/12/2023 13:52:48	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JULIA VÁZQUEZ SILVARREY				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSPQNEBJ53NOI6JAC6RYCCQ		Página	2/5	

**Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.**

A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte do beneficiario, da seguinte documentación debidamente asinada pola persoa responsable (Os ANEXOS están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electrónicamente):

- ANEXO I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos.
- ANEXO II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación.
- No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.
- ANEXO III. Declaración conxunta

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.

- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas polo custo total da actuación subvencionada.
- Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de

	IV7WSPQNEBJ53NOI6JAC6RYCCQ	Fecha y Hora	28/12/2023 13:52:48	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JULIA VÁZQUEZ SILVARREY			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSPQNEBJ53NOI6JAC6RYCCQ	Página	3/5	



capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: estas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).

- Aportar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.
- A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (CANDO O IMPORTE DO GASTO SUBVENCIONABLE SUPERE AS CONTÍAS ESTABLECIDAS NA LEI 9/2017, DO 8 DE NOVIEMBRO, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO PARA O CONTRATO MENOR (15.000,00 € -SEN IVE- EN SERVIZOS E SUBMINISTROS E 40.000,00 € -SEN IVE- EN OBRAS)
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.
- No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, achegarse documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, máis os correspondentes xuros de mora devengados dende a data do pago do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou, ata a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do ANEXO 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento da obriga de xustificar o a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 37 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.

Segunda.- As partes acordan incorporar ao convenio subscrito en data 12 de decembro de 2023 esta addenda de modificación, que se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integramente do mesmo. O resto de cláusulas e o contido do convenio de referencia en tanto non queden afectados por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.

	IV7WSPQNEBJ53NOI6JAC6RYCCQ		Fecha y Hora	28/12/2023 13:52:48	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JULIA VÁZQUEZ SILVARREY				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSPQNEBJ53NOI6JAC6RYCCQ		Página	4/5	



E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan a presente, que consta de 5 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe.

“O PRESIDENTE,

O Secretario Xeral da Confederación Empresarial
da Provincia de Lugo (CEL)

Asdo.: José Tomé Roca”

Asdo.: Jaime Luis López Vázquez

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: José Antonio Mourelle Cillero

	IV7WSPQNEBJ53NOI6JAC6RYCCQ		Fecha y Hora	28/12/2023 13:52:48	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JULIA VÁZQUEZ SILVARREY				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WSPQNEBJ53NOI6JAC6RYCCQ		Página	5/5	